

## UNHA VIDA DE CAN



xa case non se me escapa nada. O triste é que eu non podo dicir palabra do que sinto porque... non sei polo qué. Eu ben que trato de dicir: quero ir xogar! Cómpreme correr! Quero saír de aquí! Estoume mexando, abride esa porta! Non me gorentan esas boliñas que me dades para comer: quero bisté! Lé-vame outra vez a aquel sitio con árbores e herba! Céibame da correa dunha vez! Se xa vou sendo grandíño, como é que non me deixas andar solto?

*Moi axiña á  
venda en  
Amazon*



XERARDO MÉNDEZ  
OURENSE

xerardomendez@hotmail.com

XERARDO MÉNDEZ

## A BURGA DAS LETRAS

*Á venda  
en  
Amazon*



### Relatos

Relatos lidos no programa "A atardeSER" de Radio Ourense

## A BURGA DAS LETRAS



### Un pito

Humphrey Bogart tivo que prender un pito para aguantar aquel terremoto que se lle viña enriba: a boca chea de fume encheuse de carmín, e pouco despois fixo memoria: aínda podía asubiar. O home, co cigarro entre dous dedos dunha man agarrada ao volante, asubiu, preguntándose canto tempo tardaría a autoridade gobernativa en prohibir lle asubiar, á vista do pracer que lle proporcionaba. En realidade, asubiar podía tomarse como un aceno machista: abundaba que pasase o bastante cerca a feminista axeitada. Tamén podía superar os decibelios permitidos, se se facía pola noite, en chegando á casa, rebentado, a faldra da camisa botándose fóra do pantalón, e descamisado e pitoño entrabas na felicidade do ascensor disposto a entregarte a un baño quente e unha pizza fría. Era tamén síntoma de pouco xuízo —máis dunha vez escoitara á súa nai dicir lle que parecía un manolito: sempre quixo encontrar no dicionario esa acepción da palabra, pero iso si que era un caso para Sam Spade— e era tamén un vidroso sinal de pertenza as clases proletarias: a xente ben educada non facía moxigangas.

Á dereita, na terraza da cafetería, catro rapaces buscaban sitio debaixo dunha manta, amarrados ao fumo, desertores das atmósferas limpas. En fronte, como comprobou ao volver a cabeza, a porta doutro bar acubillaba outros tres corpos arreguizados, sostendo o costume, compartindo a calidade de expulsados do círculo máxico da pureza pulmonar. O

## Á venda en Amazon

home pegoulle outra calada ao cigarro, botándolle un ollo á luz vermella instalada naquel vidro redondo.

- Igual me ten aquí parado por fumar ...- pensou, cunha triste retranca.

Houbo un tempo no que un home era rei na súa casa. Agora un fillo podía denunciar se fumabas diante súa. Humphrey asubiaba cun cigarro entre os dedos despois de rexeitar os cartos de Lauren. Pero el so puido, mentres o semáforo desfecía aquel instante, arrebolando a cabicha contra o chan e pegar a asubiar “as times goes by”

Rífanme por isto, rífanme por aquilo, rífanme polo de máis alá... Que lle queres? Son un can, non unha fábrica de monadas!

Aquí paso case todo o tempo encerrado, mirando pola fiestra como pasan os coches pola estrada, fungando que dá xenio, e dame un chisco de envexa esa liberdade que parecen ter para ir a todas partes. Claro que, se ben o pensas, os coches non se moven máis que cando alguén lle manda. Polo menos polo que eu podo ver polo coche dos dragóns. Antes xa andara en coche: unha lata. Iso é, literalmente, un coche: unha lata. Metíanme nun tobo escuro no que non entraba luz ningunha. Como moito, unha regaña se se

## UNHA VIDA DE CAN

Ola. O meu nome é Lor e vivo na casa dos dragóns. Ou polo menos iso é o que a min me parece, porque nesta casa á que viñen dar non paran de facer fumo. Collen uns pauciños delgados, arrímanlle lume por unha punta e hala! veña botar fumo! Que como viñen dar ao sitio? Xa me gustaría sabelo; o

caso é que a penas lembro un xardín, un burato no que me acochaba para durmir unhas siestas macanudas, e o recendo de miña nai...



Un pouco tamén aos primeiros humanos cos que vivín. Eran xente alegre. Non é que estes sexan tristes, pero por veces parécenme un pouco serios de máis.

## Moi logo á venda en Amazon

acordaban de soltar o asento, unha regaña pola que escoaba un fío de aire que me aliviaba o corazón. Tíñalle tanto medo aos sitios escuros! E sigo tendo, pero menos. O dragón grande di que me estou facendo maior. El pensa que non entendo nin papa do que din, pero ós poucos vou pillando, e

XERARDO MÉNDEZ

OURENSE

xerardomendez@hotmail.com